



**O GOBERNO DE NIGRÁN ELABORA UN NOVO PLAN DE BECAS MUNICIPAL PARA SEIS TITULADOS EN PARO E SEN EXPERIENCIA**

**O asunto será levado hoxe ao Pleno xunto coas axudas do Concello para a compra de libros de texto e os novos campamentos**

**Os novos bolseiros traballarán en áreas como Recadación, Intervención ou Urbanismo baixo a titorización dos funcionarios responsables do departamento**

**"Dende o Concello temos o deber de facilitar a adaptación dos desempregados ao mercado laboral ampliando a súa experiencia e formación", resume o alcalde, Juan González**

**Nigrán 31/05/13.-** O Concello de Nigrán, en espera da aprobación definitiva no pleno de hoxe, ven de elaborar un novo plan de becas municipal destinado a seis titulados do municipio que se atopen en situación de desemprego dende a lo menos seis meses e non exerceran nunca no seu ámbito de estudos. Trátase do segundo plan de becas do Concello, sendo precisamente hoxe o último día de traballo dos anteriores beneficiarios, a quen o alcalde entregou un certificado de aproveitamento.

O novo plan de becas (cuxo prazo de solicitude se abrirá en canto se publique no BOP, previsiblemente nos vindeiros días) mantén o número de bolseiros en seis e a duración de 6 meses prorrogables a outros 6. Delas, catro requiren ciclo medio de xestión administrativa para ás áreas de Rexistro/Arquivo, Persoal/Desenvolvemento Local, Urbanismo/Servizos Urbanos e Centro Antena e outras dúas becas requiren de ciclo superior de administración e finanzas para as áreas de Intervención e Recadación. Os títulos serán os funcionarios responsables de cada área. Todas son xornada completa, establecéndose para as persoas coa titulación de Ciclo Medio unha



asignación de 800 euros brutos mensuais, e para as persoas beneficiarias coa titulación de Ciclo Superior unha asignación de 900 euros.

"Tendo en conta a dificultade para acadar un emprego hoxe en día, dende o Concello temos o deber de facilitar a adaptación dos desempregados de Nigrán ao mercado laboral ampliando a súa experiencia e formación", resume o alcalde, Juan González. Así, o obxectivo final é que os beneficiarios acaden unha importante vantaxe competitiva á hora de optar ás distintas ofertas laborais existentes tanto na administración pública como na empresa privada.

Partindo destas premisas iniciais, o Concello de Nigrán, consciente da situación laboral que está a vivir boa parte da sociedade, ten posta en práctica distintos mecanismos para contribuir a mellorar a insertabilidade dos seus veciños, sendo a convocatoria destas becas un paso máis neste mesmo senso.

### **Becas Libros de texto**

O goberno de Nigrán levará tamén ao pleno a concesión de axudas para a compra de libros de texto no próximo curso co dobre obxectivo de axudar a familias con dificultades e apoiar o ensino público. Como en anos anteriores, os beneficiarios poderán ser unidades familiares empadronadas no municipio e con fillos matriculados en centros públicos de Nigrán que cursen Educación Infantil no 2016-2017. A contía máxima de axuda é de 65 euros por cada neno e farase efectiva mediante a presentación dun vale nas librarías do municipio que se adhiran a este programa (tamén se contempla que a compra sexa a través dos centros escolares).

### **Campamentos de verán**

Outro dos asuntos levados polo goberno a este pleno é o aumento este ano dun 30% das prazas para o campamento de verán 2016 e a creación dun xuvenil para adolescentes. Ademais, dará cabida por vez primeira a franxas de



idade que ata agora non se contemplaban, así, no infantil incorpóranse nenos a partir de tres anos e no xuvenil adolescentes entre 12 e 16 anos.

O obxectivo é dar resposta a demanda real da veciñanza, xa que no ano 2015 ofertáronse 80 prazas para nenos entre os 4 e 12 anos pero as solicitudes foron moitas máis. Por este motivo, nesta ocasión auméntase un 30% as prazas (serán 120 en total) e se engaden os nenos a partir de tres anos. A maiores, e tamén como novidade, crease un campamento xuvenil con 40 prazas destinado a adolescentes entre 12 e 16 anos.